

Tema: Que é a diabetes tipo 1

1/3

PROFESOR

ALUMNOS



www.fundaciondiabetes.org

A algunhas persoas estrágaselles o páncreas e deixan de fabricar insulina. A esa enfermidade chámasele **diabetes**.

Parece unha parvada, pero fíxate:

Como comeu, tras a dixestión hai moitas partículas de glicosa no sangue, pero como non ten insulina que as acompañen ata dentro das células, estas quedan sen enerxía.

Os sabios aínda non atoparon un xeito de arranxar un páncreas estragado, pero si o xeito de fabricar a insulina nos laboratorios. Tamén é certo que a única forma que atoparon para que esa persoa con diabetes teña insulina é inxectándoa.

Así que á persoa que se lle estraga non lle queda máis remedio que comprala e poñela varias veces cada día.

Por suposto que non pode poñela cando queira, nin unha cantidade que queira. Poñer moita, pouca ou a destempo é malo.

Imos ver como funciona este sistema nunha persoa que non ten diabetes.

1. Despois de comer, a glicosa chega ata o sangue.
2. En todo momento o páncreas **mide** canta hai.
3. O páncreas **calcula** canta insulina ten que fabricar segundo a glicosa que haxa.
4. Despois **fabrica** a insulina necesaria para acompañar a glicosa ata as células e deixar no sangue unha cantidade que sempre é a mesma.
5. Dentro de cada célula, esa glicosa transfórmase en enerxía.

Tema: Que é a diabetes tipo 1

2/3

PROFESOR

ALUMNOS



www.fundaciondiabetes.org

A persoa con diabetes ten que intentar imitar o páncreas. Pero o corpo é unha máquina case perfecta; por iso, imitalo é moi difícil.

1. Despois de comer, a glicosa chega ata o sangue.
2. Carol debe **medir** a glicosa cun aparato. Para iso debe sacar unha gota de sangue do dedo. Faino unhas poucas veces ao día.
3. Carol debe **calcular** canta insulina necesita segundo a glicosa que haxa.
4. Carol ten que **inxectarse** a insulina necesaria para acompañar a glicosa ata as células e deixar no sangue unha cantidade que sempre é a mesma.
5. Dentro de cada célula, esa glicosa transfórmase en enerxía.

Canto mellor o faga, menos problemas lle causará ter diabetes.

Pero non é doado. Vexamos as diferenzas:

Na **PASO DOUS**

- O páncreas mide perfectamente, a máquina que utiliza Carol non é tan perfecta.
- O páncreas está todo o día medindo a glicosa, Carol mide a súa glicosa entre 5 e 10 veces ao día.

Na **PASO TRES**

- O páncreas toma decisións exactas de canta insulina ten que fabricar. É difícil que os cálculos que debe facer Carol sexan exactos.
- O páncreas nunca se equivoca, Carol ás veces si.

Na **PASO CATRO**

- O páncreas fabrica exactamente a cantidade de gotas de insulina que necesita. Cando Carol se inxecta a insulina, é moi difícil que sexa exactamente a cantidade que necesita.
- O páncreas está todo o día fabricando insulina (gota a gota), Carol inxéctase unhas poucas veces ao día.

Tema: Que é a diabetes tipo 1

3/3

PROFESOR

ALUMNOS



www.fundaciondiabetes.org

OBSERVA ESTE CADRO-RESUMO

PÁNCREAS

MIDE

constantemente a glicosa que ten a persoa no sangue.

DECIDE

canta insulina fabricar.

FABRICA

a insulina que necesita en cada segundo do día.

PÁNCREAS ESTRAGADO

Mide a glicosa un aparato que inventaron.

A persoa ten que decidir, pensando canta insulina ten que inxectarse.

A persoa inxéctase insulina varias veces ao día.

INCONVENIENTES

Ten que sacar unha gota de sangue do dedo.

Non pode facelo constantemente, senón 5-10 veces ao día.

O aparato non é tan exacto como o páncreas.

O páncreas nunca se equivoca, a persoa si.

O páncreas é un experto en saber canta insulina necesita exactamente, a persoa non.

Non pode estar a picarse cada segundo do día, faino 4 ou 5 veces.

O páncreas pode parar de fabricar ou fabricar menos ou máis en calquera momento. A persoa pon insulina para que lle dure unhas horas.

O páncreas fabrica diminutas gotas e contrólaas unha a unha. O aparato co que se inxecta a insulina non é exacto.